

# 17 persoal de administración e servizos

O ano 2006 resultou especialmente intenso no que respecta ao persoal de administración e servizos. No que se refire á xestión, e de cara a aplicar os principios de igualdade e transparencia, sen renunciar á eficiencia, ditáronse dúas normas moi importantes:

— **Instrución 2/2006, sobre nomeamento de PAS en comisión de servizos**

Veiu regular e clarear a utilización dun instrumento necesario para a xestión e que xeraba importantes recelos históricos, polas posibilidades de arbitrariedade que podía representar o seu uso incorrecto.

— **Resolución do 5 de xuño de 2006, para a elaboración de listas de agarda e para o regulamento do procedemento de cobertura temporal de PAS**

Estableceuse unha norma clara, obxectiva, transparente e respectuosa cos principios de igualdade, mérito e capacidade, complementándose ademais esta transparencia coa posta a disposición, a través da páxina web da universidade, da situación actualizada das diferentes listaxes de agarda para que poidan ser consultadas en todo momento polos aspirantes.

Outras normativas, tamén importantes, deste exercicio foron as que regularon a xornada (Resolución reitoral do 23 de novembro de 2006) e a Instrución sobre produtividade (Instrución da Xerencia do 29 de marzo de 2006).

Negociouse durante boa parte do exercicio o II Convenio colectivo do PAS laboral. O proceso pechouse en xaneiro de 2007.

■ **Concursos de traslados**

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que declaraba contrarias ao principio de igualdade constitucional as bases 5ª e 6ª do concurso de méritos de PAS funcionario do ano 2002, resolto en decembro de 2003, obrigou a unha nova valoración dos méritos. A primeiros de 2007 resolveuse esta nova valoración e os funcionarios tomaron posesión dos seus postos.

O 13 de xullo de 2006 publicouse no DOG o concurso de traslados de PAS funcionario destinado a cubrir as prazas vacantes da RPT aprobada unánimemente en agosto de 2006. Este concurso tivo que ser suspendido por mor da anterior sentenza, xa que a nova resolución do 2002 variaría as prazas que estarían vacantes.

#### ■ Oferta pública de emprego

No DOG do 10 de marzo de 2006 publicouse a Oferta pública de emprego de PAS funcionario, que se xestiona ao longo de 2007.

Nas escalas de persoal de bibliotecas, asinouose un acordo de promocións que fai compatible a promoción profesional coa entrada de novos funcionarios procedentes da quenda libre e acadouse un equilibrio harmónico para un funcionamento eficiente.

No persoal laboral, a sinatura do novo convenio colectivo implica tamén o desbloqueo para a cobertura pública das prazas vacantes, que se irán cubrindo nas súas diferentes categorías a partir da súa publicación.

Cadro 146  
Persoal de Administración e Servizos en 2006

Funcionarios	<b>381</b>
Laborais	<b>305</b>
<b>Total</b>	<b>686</b>

Cadro 147  
Persoal funcionario por grupos en 2006

Grupo A	<b>15</b>
Grupo B	<b>84</b>
Grupo C	<b>166</b>
Grupo D	<b>116</b>
<b>Total</b>	<b>381</b>

Cadro 148  
**Persoal laboral por grupos en 2006**

Grupo I	<b>43</b>
Grupo II	<b>28</b>
Grupo III	<b>74</b>
Grupo IV A	<b>61</b>
Grupo IV B	<b>99</b>
<b>Total</b>	<b>305</b>

Cadro 149  
**Prevención de riscos laborais en 2006**

Controis periódicos realizados	65
Avaliacións de riscos	55
Reunións con centros	24
Informes de asesoramento	24
Controis de vixilancia da saúde	971
Cursos e actividades formativas:	
Actividades realizadas	54
Asistentes	565